



PALABRAS PARA CREAR TEXTOS: SUBSTANTIVOS E ADXECTIVOS

1. Nas seguintes palabras separa lexema, prefixos e sufixos. Fíxate no exemplo:

Palabra	Prefixo	Lexema	Morfema derivativo	Morfema flexivo	
				xénero	número
<i>Revestimento</i>	<i>re-</i>	<i>-vesti-</i>	<i>-mento</i>		
Desordenados					
Reincidente					
Nacionalismo					
Internacionalismos					
Intocable					
Proximidades					
Canastrón					
Escanastrado					
Estragados					
Bosques					

2. Define *palabra patrimonial*, *culta* e *semiculta*. Exemplifica estes conceptos analizando as palabras derivadas do latín <MACULA.



3. Observa estes prefixos gregos e latinos, escribe o significado de cada un deles e explica o significado das palabras coas que se achegan:

Prefixo	Significado	Palabra	Significado
Des-	Negación, carencia	Desacougo	Falta de acougo
Ante-		Antediluviano	
In-		Inaudible	
Super-		Supersónico	
Anti-		Antiaéreo	
Intra-		Intravenoso	
Sub-		Subcutáneo	
Pre-		Prematrimonial	
Hiper-		Hipertensión	
Extra-		Extraterrestre	

4. Completa a seguinte táboa coas palabras que faltan tendo en conta que, nalgúns casos, en cada cadro poden ir varias palabras:

LATÍN	CULTA E SEMICULTA	PATRIMONIAL
LUNAM		
COLOREM		
MOLAM		
TABULA		
VOLUNTATE		

5.

a) Continúa completando a lista seguinte:

Substantivo	Adxectivo	Verbo
.....	vividor	
venda		
.....		estudar
navegación		



.....	choroso	
acusación		
prata		
.....	abotoado	
.....	escuro	
.....	ledo	

b) Fai o mesmo, pero agora creando substantivos a partir de adxectivos engadindo segundocorresponda os sufixos **-ancia, -encia**:

Adxectivo	Substantivo
adolescente	
exuberante	
ignorante	
infantil	
inconsciente	
repugnante	
obediente	

c) Agora escribe os adxectivos correspondentes a partir de verbos engadindo o sufixo **-nte**:

Verbo	Adxectivo
transixir	
reincidir	
vivir	
seguir	
relucir	
servir	

d) Crea os substantivos a partir dos seguintes verbos engadindo o sufixo **-mento**:

Verbo	Substantivo
coñecer	



investir
revestir
seguir
tratar
rexurdir

6. Os sufixos *-ite* / *-te* teñen o significado de 'inflamación'. Escribe o nome das enfermidades utilizando este sufixo. Cal é o xénero das palabras novas que formaches?

- Inflamación das amígdalas:
- Inflamación do apéndice:
- Inflamación da farinxe:
- Inflamación dos bronquios:
- Inflamación do encéfalo:
- Inflamación do colon :

7.

a) Clasifica a seguinte familia de palabras segundo a categoría gramatical:

persoal, personificar, impersoal, persoalmente, personaxe, persoa, personalidade, personificado, personalizar, personificación

Substantivos

Adxectivos

Verbos

Adverbios

b) Segundo o modelo do exercicio anterior, escribe a familia de palabras de frío. Clasifica os diferentes elementos da familia en catro categorías gramaticais como no apartado anterior.

Substantivos
Adxectivos
Verbos
Adverbios
8. Escribe tres palabras derivadas de cada unha das seguintes:

Recibir:

Prohibir:

Servir:

Atribuír:

Contribuír:

Ferver:

Conversar:

Atrever:

9. Na táboa seguinte substitúe os castelanismos léxicos pola forma culta galega. Se a descoñeces, utiliza un dicionario bilingüe:

Castelanismo	Forma correcta	Castelanismo	Forma correcta
hacienda		helado	
lunes		niebla	
jueves		granizo	
viernes		novio/a	
escuela		suelo	
enseñar		viúdo/a	
cerilla		dirección	
chorizo		zanxa	
cena		carretera	
comida (mediodía)		calle	
manzanilla		acera	
menta-poleo		cuneta	



dulce		fecha	
cuchara		cuello	
cucharilla		riñón	
cuchillo		rodilla	
tenedor		basura	
agotado/a		apellido	
estadística		apodo	
alcantarilla		aceituna	

10. Cita polo menos cinco castelanismos plenos (innecesarios e propios da lingua coloquial descoidada). Substitúeos polos termos galegos correctos:

11. Sinala as palabras femininas da seguinte listaxe; se non coñeces o significado dalgunha delas, consúltao no dicionario:

verme	asma	costume
sofraxe	arte	pe
cirurxiá	sinal	couce
orde	aguia	árbore
sal	lume	mel
dote	hepatite	icona
orixe	fame	auga
aula	marxe	cute
suor	cume	síndrome
pelve	cárcere	xiz
traxe	legume	ubre
carótide	nariz	labor
pube	sangue	cordal
empeña	xordén	análise
peluxe	cuspe	cidadá



leite	dor	ponte
cor	garaxe	alma

12. Escribe catro parellas de substantivos en que a oposición de xénero marque unha diferenza de significado:

13.

a) Escribe unha comparación en que empregues obrigatoriamente *coma* e *ca*, e outra en que empregues tamén obrigatoriamente *como* e *que*:

b) Razoa: por que non podemos dicir *máis maior*, *moi mínimo*, *optimísimo*?

c) Cando sofren apócope os adxectivos *grande* e *santo*? Demóstrao con exemplos teus:

d) Cales son os as diferenzas que se producen entre os adxectivos segundo vaian antepostos ou pospostos ao substantivo? Escribe oracións que o demostren.

14.

a) Completa as oracións seguintes coa conxunción comparativa axeitada en cada caso:

- Teño unha irmá máis nova _____ min.
- A viaxe resultou moito máis divertida _____ eu esperaba.
- Tomarei café que está menos quente _____ chocolate.
- Vós non sodes tan viaxeiros _____ eles.
- Esta nena é máis simpática _____ a curmá.
- O gatiño quere máis a min _____ a ti.
- O tren resulta tan cómodo _____ o camiión.

b) A partir da frase *o meu can é manso*, cuxo adxectivo está en grao positivo, escribe outras frases en que apareza este adxectivo...:

- en grao superlativo:
- en grao comparativo de igualdade:
- en grao comparativo de superioridade:
- en grao comparativo de inferioridade:



c) Tendo en conta os exemplos anteriores, explica agora a diferenza de significado entre estas parellas de oracións:

- A min gústame máis pasear co meu mozo.
- A min gústame máis pasear có meu mozo.

- Eu prefiro o pastel co mel.
- Eu prefiro o pastel có mel.

15.

a) Escribe as siglas correspondentes aos seguintes nomes:

- Organización das Nacións Unidas:
- Imposto da Renda das Persoas Físicas:
- Produto Interior Bruto:
- Imposto sobre o Valor Engadido:
- Boletín Oficial do Estado:
- Número de Identificación Fiscal:
- Organización Nacional de Cegos de España:

b) Substitúe os estranxeirismos que aparecen nas frases seguintes polo termo correcto en galego que aparece ao final do exercicio:

- O lunch está preparado na sala.
- O atleta superou o seu propio record.
- Onte vin na televisión un show moi divertido.
- Despois da cea iremos a un night-club.
- Teño que chequear o motor do meu coche.
- Este é un handicap difícil de superar.
- Sabela traballa de dependenta nunha boutique.
- Hoxe imos xantar naquel self-service.

Formas correctas:

tenda - auto-servicio - sala de festas - marca - almorzo - obstáculo - comprobar
espectáculo



16.

a) Relaciona as palabras da columna esquerda coas da dereita de maneira que consigas construír palabras compostas:

auga	mol =	
salvar	auga =	
ollo	serra =	
parar	lapis =	
gardar	arder =	
moto	vidas =	
afiar	lamas =	

b) Agora utiliza as palabras compostas que formaches no apartado anterior para completar as seguintes oracións:

- De primeiro prato temos _____ ao forno.
- Durante o exame pediulle un _____ á súa compañeira e chamáronlle a atención.
- Bótalle ao café unhas pingas de _____.
- Se vas saír ao mar recorda levar o _____.
- O teu coche ten un golpe no _____ traseiro.
- Levaremos o _____, parece que vai chover.
- Colle a _____ e vai espolar uns carballos.

Solucións

1. Nas seguintes palabras separa lexema, prefixos e sufixos. Fíxate no exemplo:

Palabra	Prefixo	Lexema	Morfema derivativo	Morfema flexivo	
				xénero	número
Revestimento	re-	-vesti-	-mento		
Desordenados	des-	-orden-	-ad-	-o-	-s
Reincidente	re-	-incid-	-ente		
Nacionalismo		nacion-	-al-, -ismo		
Internacionalismos	inter-	-nacion-	-al-, -ismo-		-s
Intocable	in-	-toc-	-able		
Proximidades		proxim-	-idade-		-s
Canastrón		canastr-	-ón		
Escanastrado	es-	-canastr-	-d-	-o	
Estragados		estrag-	-ad-	-o-	-s
Bosques		bosque-			-s

2. Define **palabra patrimonial**, **culta** e **semiculta**. Exemplifica estes conceptos analizando as palabras derivadas do latín <MACULA.

Unha palabra patrimonial é aquela que se leva utilizando desde a época da colonización romana, polo que experimentou todas as evolucións (fonéticas e morfolóxicas) que se produciron no paso do latín ao galego ao longo dos séculos e de xeración en xeración. Un cultismo é unha palabra só usada nos rexistros cultos ou científicos polo que non evolucioneu e a súa forma é case idéntica á latina coas mínimas adaptacións á fonoloxía e morfoloxía galegas. Un semicultismo é unha palabra moi empregada na Idade Media nas linguaxes xurídica, administrativa ou relixiosa e que tamén coñecía e usaba o pobo, pero que por ese carácter culto só sufriu pequenos cambios. O étimo latino macula deu lugar á palabra patrimonial malla, ao semicultismo mágoa e o cultismo mácula.

3. Observa estes prefixos gregos e latinos, escribe o significado de cada un deles e explica o significado das palabras coas que se achegan:

Prefixo	Significado	Palabra	Significado
Des-	<i>Negación, carencia</i>	<i>Desacougo</i>	<i>Falta de acougo</i>
Ante-	<i>Anterior</i>	<i>Antediluviano</i>	<i>Anterior ao diluvio</i>
In-	<i>Negación</i>	<i>Inaudible</i>	<i>Que non pode ser oído</i>
Super-	<i>Superior</i>	<i>Supersónico</i>	<i>De velocidade superior á do son</i>
Anti-	<i>Contra</i>	<i>Antiaéreo</i>	<i>Contra os ataques aéreos</i>
Intra-	<i>Posición interior</i>	<i>Intravenoso</i>	<i>Dentro das veas</i>
Sub-	<i>Baixo, debaixo</i>	<i>Subcutáneo</i>	<i>Debaixo da pel</i>
Pre-	<i>Anterior</i>	<i>Prematrimonial</i>	<i>Antes do matrimonio</i>
Hiper-	<i>Superior, por riba</i>	<i>Hipertensión</i>	<i>Tensión arterial superior á normal</i>
Extra-	<i>Fóra de</i>	<i>Extraterrestre</i>	<i>Fóra da Terra</i>

4. Completa a seguinte táboa coas palabras que faltan tendo en conta que, nalgúns casos, en cada cadro poden ir varias palabras:

LATÍN	CULTA E SEMICULTA	PATRIMONIAL
LUNAM	<i>lunar, lunático</i>	<i>lúa, luar</i>
COLOREM	<i>color, colorado/a, colorante, colorar, colorear, colorete, colorido, colorismo, colorista</i>	<i>cor, corar</i>
MOLAM	<i>molar</i>	<i>moa</i>
TABULA	<i>taboleiro, tabulador, tabular</i>	<i>táboa</i>
VOLUNTATE	<i>voluntario/a, voluntarioso/a</i>	<i>vontade</i>

5.



a) Continúa completando a lista seguinte:

Substantivo	Adxectivo	Verbo
vida	<u>vividor/ora</u>	<i>vivir</i>
<u>venda</u>	vendido/a	vender
estudo	estudoso/a	<u>estudar</u>
<u>navegación</u>	<i>navegable</i>	<i>navegar</i>
<i>choro</i>	<u>choroso/a</u>	chorar
<u>acusación</u>	<i>acusado/a</i>	<i>acusar</i>
<u>prata</u>	prateado/a	pratear
botón	<u>abotoado</u>	<i>abotoar</i>
<i>escuridade</i>	<u>escuro</u>	escurecer
ledicia	<u>ledo</u>	<i>aledar</i>

b) Fai o mesmo, pero agora creando substantivos a partir de adxectivos engadindo segundo corresponda os sufixos *-ancia*, *-encia*:

Adxectivo	Substantivo
<i>adolescente</i>	<i>adolescencia</i>
<i>exuberante</i>	<i>exuberancia</i>
<i>ignorante</i>	<i>ignorancia</i>
<i>infantil</i>	<i>infancia</i>
<i>inconsciente</i>	<i>inconsciencia</i>
<i>repugnante</i>	<i>repugnancia</i>
<i>obediente</i>	<i>obediencia</i>

c) Agora escribe os adxectivos correspondentes a partir de verbos engadindo o sufixo *-nte*:

Verbo	Adxectivo
<i>transixir</i>	<i>transixente</i>
<i>reincidir</i>	<i>reincidente</i>
<i>vivir</i>	<i>vivente</i>



<i>seguir</i>	<i>seguirte</i>
<i>relucir</i>	<i>relucente</i>
<i>servir</i>	<i>servente</i>

d) Crea os substantivos a partir dos seguintes verbos engadindo o sufixo *-mento*:

Verbo	Substantivo
<i>coñecer</i>	<i>coñecemento</i>
<i>investir</i>	<i>investimento</i>
<i>revestir</i>	<i>revestimento</i>
<i>seguir</i>	<i>seguimento</i>
<i>tratar</i>	<i>tratamento</i>
<i>rexurdir</i>	<i>rexurdimento</i>

6. Os sufixos *-ite* / *-te* teñen o significado de ‘inflamación’. Escribe o nome das enfermidades utilizando este sufixo. Cal é o xénero das palabras novas que formaches?

- *Inflamación das amígdalas: amigdalite*
- *Inflamación das meninxes: meninxite*
- *Inflamación do apéndice: apendicite*
- *Inflamación da farinxe: farinxite*
- *Inflamación dos bronquios: bronquite*
- *Inflamación do encéfalo: encefalite*
- *Inflamación do colon: colite*

*As palabras que rematan en *-ite* teñen xénero feminino.*

7.

a) Clasifica a seguinte familia de palabras segundo a categoría gramatical:

Substantivos	Adxectivos	Verbos	Adverbios
<i>persoa</i>	<i>persoal</i>	<i>personificar</i>	<i>persoalmente</i>



<i>personaxe</i>	<i>impersoal</i>	<i>personalizar</i>	
<i>personalidade</i>	<i>personificado</i>		
<i>personificación</i>			

b) Segundo o modelo do exercicio anterior, escribe a familia de palabras de frío. Clasifica os diferentes elementos da familia en catro categorías gramaticais como no apartado anterior.

Substantivos	Adxectivos	Verbos	Adverbios
<i>arrefriado</i>	<i>frío/a</i>	<i>arrefriar</i>	<i>friamente</i>
<i>arrefriamento</i>	<i>friorento/a</i>		
<i>frialdade</i>			
<i>friaxe</i>			
<i>frieira</i>			
<i>frío</i>			

8. Escribe tres palabras derivadas de cada unha das seguintes:

Recibir: *recibidor, recibimento, recibo.*

Prohibir: *prohibido, prohibición, prohibitivo.*

Servir: *servidor, servil, servidume, servizo, servizal.*

Atribuír: *atribución, atribuído, atributo, atribuída.*

Contribuír: *contribución, contribuído, contribuínte.*

Ferver: *fervedoiro, fervenza, fervor, fervura.*

Conversar: *conversación, conversador, conversa.*

Atrever: *atrevemento, atrevido, atrevida.*

9. Na táboa seguinte substitúe os castelanismos léxicos pola forma culta galega. Se a descoñeces, utiliza un dicionario bilingüe:

Castelanismo	Forma correcta	Castelanismo	Forma correcta
hacienda	<i>facenda</i>	helado	<i>xeado</i>
lunes	<i>luns</i>	niebla	<i>néboa</i>



jueves	<i>xoves</i>	granizo	<i>sarabia</i>
viernes	<i>venres</i>	novio/a	<i>noivo/a</i>
escuela	<i>escola</i>	suelo	<i>chan, solo</i>
enseñar	<i>ensinar</i>	viúdo/a	<i>viúvo/a</i>
cerilla	<i>misto</i>	dirección	<i>enderezo</i>
chorizo	<i>chourizo</i>	zanxa	<i>gabia</i>
cena	<i>cea</i>	carretera	<i>estrada</i>
comida(mediodía)	<i>xantar</i>	calle	<i>rúa</i>
manzanilla	<i>macela</i>	acera	<i>beirarrúa</i>
menta-poleo	<i>menta-poexo</i>	cuneta	<i>beiravía</i>
dulce	<i>doce</i>	fecha	<i>data</i>
cuchara	<i>culler</i>	cuello	<i>colo, pescozo</i>
cucharilla	<i>culleriña</i>	riñón	<i>ril</i>
cuchillo	<i>coitelo</i>	rodilla	<i>xeonllo</i>
tenedor	<i>garfo</i>	basura	<i>líxo</i>
agotado/a	<i>esgotado/a</i>	apellido	<i>apelido</i>
estadística	<i>estatística</i>	apodo	<i>alcume</i>
alcantarilla	<i>sumidoiro</i>	aceituna	<i>oliva</i>

10. Cita polo menos cinco castelanismos plenos (innecesarios e propios da lingua coloquial descoidada). Substitúeos polos termos galegos correctos:

Os nomes dos días da semana ou dos meses, por exemplo. Luns, mércores, xoves, venres, xaneiro, febreiro, maio, xuño, xullo, setembro, outubro, novembro, decembro. Partes do corpo coma nocello, caluga, pulso, xeonllo, cóbado, coxa etc.

11. Sinala as palabras femininas da seguinte listaxe; se non coñeces o significado dalgunha delas, consúltao no dicionario:

As palabras femininas son: *sofraxe, cirurxiá, orde, orixe, aula, suor, pelve, carótide, empeña, peluxe, cor, asma, arte, aguia, hepatite, fame, marxe, xordén, dor, árbore, icona, auga, cute, síndrome, análise, cidadá, ponte, alma.*



12. Escribe catro parellas de substantivos en que a oposición de xénero marque unha diferenza de significado:

- *Froito-froita. O fin-a fin. O editorial-a editorial. O cólera-a cólera.*

13.

a) Escribe unha comparación en que empregues obrigatoriamente **coma** e **ca**, e outra en que empregues tamén obrigatoriamente **como** e **que**:

- *Eu son tan alto coma ti.*
- *A irmá é máis alta ca ela.*
- *Coñecelo é tan doado como achegarse a el e falarlle.*
- *A irmá estuda máis do que ela cre.*

b) Razoa: por que non podemos dicir **máis maior, moi mínimo, optimísimo**?

Porque en maior, mínimo, óptimo xa van implícitos os contidos gramaticais de comparativo de superioridade e superlativo absoluto, respectivamente.

c) Cando sofren apócope os adxectivos **grande** e **santo**? Demóstrao con exemplos teus:

Ante substantivos comezados por consoante: Esa viaxe foi unha grande experiencia. Ese libro é un gran traballo. Hoxe celebramos a festa de santo Estevo. O 29 de xuño celébrase a festa de san Pedro.

d) Cales son os as diferenzas que se producen entre os adxectivos segundo vaian antepostos ou pospostos ao substantivo? Escribe oracións que o demostren:

A diferenza é de significado. Se van antepostos ao substantivo (epítetos), describen unha calidade inherente ao propio substantivo (contemplei a verde herba) ou acadan un valor moral ou espiritual; se van pospostos especifican unha calidade do substantivo (herba seca) ou acadan un valor material. É unha gran novela/É unha novela grande. É un encargado simple/É un simple encargado. É un pobre millonario/É un rapaz pobre. Faleiche de certa cousa./Faleiche dunha cousa certa.

14.

a) Completa as oracións seguintes coa conxunción comparativa axeitada en cada caso:

- Teño unha irmá máis nova **ca** min.
- A viaxe resultou moito máis divertida **do que** eu esperaba.
- Tomarei café que está menos quente **ca o/có/que o** chocolate.
- Vós non sodes tan viaxeiros **coma** eles.
- Esta nena é máis simpática **que a/cá/ca** a curmá.
- O gatiño quere máis a min **ca** a ti.



- O tren resulta tan cómodo **coma/como** o camión

b) A partir da frase *o meu can é manso*, cuxo adxectivo está en grao positivo, escribe outras frases en que apareza este adxectivo...:

- en grao superlativo: O meu can é **moi manso**.
- en grao comparativo de igualdade: O meu can e **tan** manso **coma** unha lebre.
- en grao comparativo de superioridade: O meu can é **máis** manso **do** que ti pensas.
- en grao comparativo de inferioridade: O meu can é **menos** manso **có** teu gato.

c) Tendo en conta os exemplos anteriores, explica agora a diferenza de significado entre estas parellas de oracións:

- A min gústame máis pasear co meu mozo (en compañía do meu mozo).
- A min gústame máis pasear **có** meu mozo (máis a min ca ao meu mozo).
- Eu prefiro o pastel co mel (o pastel adobiado co mel).
- Eu prefiro o pastel **có** mel (prefiro o pastel antes ca tomar mel).

15.

a) Escribe as siglas correspondentes aos seguintes nomes:

ONU, IRPF, PIB, IVE, BOE, NIF, ONCE

b) Substitúe os estranxeirismos que aparecen nas frases seguintes polo termo correcto en galego que aparece ao final do exercicio:

- O *almorzo* está preparado na sala.
- O atleta superou a súa propia *marca*.
- Onte vin na televisión un *espectáculo* moi divertido.
- Despois da cea iremos a unha *sala de festas*.
- Teño que *comprobar* o motor do meu coche.
- Este é un *obstáculo* difícil de superar.
- Sabela traballa de dependenta nunha *tenda*.
- Hoxe imos xantar naquel *auto-servicio*.



16.

a) Relaciona as palabras da columna esquerda coas da dereita de maneira que consigas construír palabras compostas:

auga arder = augardente

salvar vidas = salvavidas

parar auga = paraugas

afiar lapis = afialapis

ollo mol = ollomol

gardar lamas = gardalamas

moto serra = motoserra

b) Agora utiliza as palabras compostas que formaches no apartado anterior para completar as seguintes oracións:

- De primeiro prato temos *ollomol* ao forno.
- Durante o exame pediulle un *afialapis* á súa compañeira e chamáronlle a atención.
- Bótalle ao café unhas pingas de *augardente*.
- Se vas saír ao mar recorda levar o *salvavidas*.
- O teu coche ten un golpe no *gardalamas* traseiro.
- Levaremos o *paraugas*, parece que vai chover.
- Colle a *motoserra* e vai espolar uns carballos.